



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 20 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:00 horas do día 20 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 18-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. Carmen Pintado Garcia
D. Benjamin Collazo Rodríguez
D. Miguel Fidalgo Iglesias
D. Rubén Pérez Correa

Secretaria: Dna Beatriz Barbará Rodríguez

1.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)**

Se entrega o informe da xefa do servizo de Transportes, de data 18 de abril de 2016, resolvendo sobre as aclaracións solicitadas ós licitadores sobre determinados aspectos relacionados cos criterios avaliábeis mediante fórmula recollidos nos apartados 2.3 e 2.4 da cláusula 16.2 do PCAP, contestando ás alegacións presentadas polos licitadores CONTINENTAL e INTERPARKING HISPANIA, e realizando a clasificación en orde descendente dos licitadores admitidos neste procedemento.

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) **Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 23:02	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF4E-59D8A1-DB55EE-NBJ4PR-6F8725-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se acepta o informe da xefa do servizo de Transportes, de data 18 de abril de 2016, resolvendo sobre as aclaracións solicitadas ós licitadores sobre determinados aspectos relacionados cos criterios avaliábeis mediante fórmula recollidos nos apartados 2.3 e 2.4 da cláusula 16.2 do PCAP, contestando ás alegacións presentadas polos licitadores CONTINENTAL e INTERPARKING HISPANIA, e realizando a clasificación en orde descendente dos licitadores admitidos neste procedemento.

3.- Proposta de clasificación.

a) **Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto a) para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)” no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. SABA APARCAMIENTOS, S.A.	78,86
2. INTERPARKING HISPANIA, S.A.	77,04
3. EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A.	68,4
4. CONTINENTAL PARKING, S.L.	64,63
5. UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	61,19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SABA APARCAMIENTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 23:02	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF4E-59D8A1-DB55EE-NBJ4PR-6F8725-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.416,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

4.- Incidencias

- a) **Escrito presentado por Sielvigo, S.L. respecto do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444)**

Se entregan os informes do xefe do servizo de Electromecánicos, de data 18 de abril de 2016, e do enxeñeiro municipal e da xefa do servizo de Contratación, ambos de data 20 de abril de 2016, contestando as cuestións plantexadas no escrito presentado por Sielvigo, S.L., no Rexistro xeral deste Concello en data 15 de abril.

Este punto retírase da orde do día por canto os informes entregaronse na sesión da mesa e non foi posible o seu estudo.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:15 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 23:02	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF4E-59D8A1-DB55EE-NBJ4PR-6F8725-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		